



XIV Forum for Iberian Studies Os límites da tradución literaria Exeter College, University of Oxford 24-25 de xuño de 2010

Intelectuais de Voltaire a Nabokov tacharon de imposíbel a tradución da poesía, e Pirandello fixo unha famosa e semellante declaración sobre o teatro. Da mesma maneira os chistes considéranse habitualmente intraducíbeis. No entanto, os tradutores contradín repetidamente estas afirmacións, quer na teoría quer na práctica, e, do mesmo modo, o XIV Forum for Iberian Studies irá tomar estas 'imposibilidades' como un desafío. No Fórum explorarase a forma en que os tradutores superan, recoñecen, e compensan as alegadas 'imposibilidades' coas que se atopan no ámbito das literaturas ibéricas. Na Universidade onde, por primeira vez, se traduciron para o inglés obras como *La Celestina*, *Guzmán de Alfarache*, *La Regenta*, e *Las Novelas ejemplares*, discutiránse desafíos do pasado e do futuro, en termos específicos e prácticos

O Fórum aceptará propostas para comunicacións que aborden posíbeis solucións e límites na tradución dos estilos máis desafiantes. As comunicacións poderán encadrarse nas seguintes categorías ou divisións temáticas, pero non terán que se restrinxir a estas áreas:

- Poesía
- Teatro
- Novela
- Humor
- Historia e tradución
- Modos experimentais e vangardas; neoloxismos; tradución audiovisual
- Dialectos, sociolectos, e outras linguas ibéricas distintas do castelán e do portugués

Normas para a entrega de propostas

O Comité de Organización do Forum for Iberian Studies aceptará a participación de académicos, investigadores, profesores universitarios, estudantes de posgrao, tradutores profesionais e de todos aqueles manifesten interese por estas materias a nivel internacional. As principais linguas de traballo da conferencia serán o inglés, o castelán, e o portugués, pero aceptaranse igualmente ponencias noutras linguas ibéricas. Aceptaranse propostas para comunicacións cunha duración de 20 minutos, seguidas de 10 minutos de debate.

A data límite para o envío de propostas será o **30 de xaneiro de 2010**. O comité de Organización avaliará as propostas e tomará unha decisión sobre a súa aceptación o **28 de febreiro de 2010**.

Por favor, asegúrese de que lles envía a súa proposta **aos catro organizadores**:

Tyler Fisher (tyler.fisher[at]mod-langs.ox.ac.uk)

Catarina Fouto (catarina.fouto[at]spc.ox.ac.uk)

Javier Muñoz-Basols (javier.munoz-basols[at]mod-langs.ox.ac.uk)

Laura Soler González (laura.soler-gonzalez[at]mod-langs.ox.ac.uk)

As propostas deberán incluír:

1. Título da comunicación
2. Nome do autor e respectiva afiliación (académica)
3. Resumo de 300 palabras (máximo)
4. Lista de 3 a 5 palabras-chaves que describan a área e encadren a comunicación (por favor, consulte as divisións temáticas e categorías da conferencia)
5. Breve biografía profesional (máximo de 100 palabras)

Normas para o formato das propostas

- Texto da proposta en espazo simple, que non deberá superar unha páxina A4
- Marxes do texto: 3cm en ambas marxes
- Tipo de letra: Times New Roman, fonte 12 (unicamente)
- Título da comunicación, nome do autor e afiliación (académica) centrados
- Corpo de texto xustificado
- Título da comunicación e nome do autor en negriña.

Publicación

Será publicada unha selección das comunicacións nunha edición especial sobre o tema principal do congreso. Se desexa enviar a súa comunicación a consideración, terá que presentar a versión final da comunicación, de acordo coas normas do Chicago Manual of Style, ata o 31 de agosto de 2010:

(<http://www.chicagomanualofstyle.org/contents.html>)

Inscrición

O prazo de inscrición remata o **30 de abril de 2010**

A inscrición no Fórum custará **£60**.

Por favor, no acto de inscrición indique se solicita aloxamento.

Será posíbel garantir aloxamento en ‘colleges’ a arredor de 20 participantes, por orde de inscrición. Para efectuar a súa inscrición, ou para recibir mais información sobre o aloxamento, por favor entre en contacto (en inglés) con Nicola Gard: [nicola.gard\[at\]mod-langs.ox.ac.uk](mailto:nicola.gard[at]mod-langs.ox.ac.uk).

Datas importantes:

30 de xaneiro de 2010: Final do prazo de presentación de propostas

28 de febreiro de 2010: Confirmación de aceptación de propostas

30 de abril de 2010: Final do prazo de inscrición

24 e 25 xuño de 2010: XIV Forum for Iberian Studies (Exeter College, Oxford)

31 de agosto de 2010: Final do prazo de entrega da versión final das comunicacións para ser consideradas para publicación